



## BASES

### **8.<sup>a</sup> Edición dos Relatos de Verán: Relatos dos lectores**

**1.-** La Voz de Galicia e Canal Voz convocan a 8.<sup>a</sup> Edición dos Relatos de Verán das Páxinas Literarias que se publicarán ao longo dos 31 días de agosto do 2007. Nesta ocasión establécense dous premios, un para os participantes menores de 15 anos e outro para os que superen esa idade.

**2.-** Poderán participar todas as persoas que o desexen, con relatos en galego ou en castelán, sempre que sexan inéditos e que se axusten ás seguintes condicións:

- A dimensión dos textos non poderá exceder de 25 liñas mecanografadas de corpo 11 (uns 2.100 caracteres con espazos incluídos).
- Os orixinais deberán acompañarse cos datos do autor (Idade, nome, dirección, teléfono, profesión e, a ser posible, unha breve indicación biográfica e fotografía tamaño carné, así como un disquete co texto).

**3.-** As obras deberán enviarse á dirección de correo «8.<sup>a</sup> Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio dos Lectores). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón (15142) Arteixo (A Coruña)», ou por correo electrónico (e-mail) a [redac@lavo.es](mailto:redac@lavo.es).

**4.-** O prazo de presentación de orixinais é o comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de xullo do 2007.

**5.-** Un xurado designado pola organización do premio seleccionará entre todos os relatos recibidos os 124 que serán publicados a razón de catro diarios ao longo dos 31 días de agosto do 2007 nas Páxinas Literarias de La Voz de Galicia e, simultaneamente, na páxina web ([www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es)).

**6.-** Establécense dous premios, un para os participantes menores de 15 anos e outro para os que superen esa idade.

**7.-** Os lectores, a través dos cupóns que o periódico publicará ao efecto, poderán votar os relatos dos lectores que consideren mellores en cada unha das categorías.

**8.-** O autor de menos de 15 anos que acade maior puntuación polo seu relato recibirá un ordenador portátil y un reproductor Mp4.

**9.-** O autor de máis de 15 anos que acade maior puntuación polo seu relato poderá disfrutar dun fin de semana para dúas persoas no Hotel Meliá Balneario de Mondariz (a estancia inclúe aloxamento, almuerzo, e entrada no Palacio da Agua)

**9.-** Os remitentes dos cupóns que participen cada semana na votación entrarán no sorteo dunha colección da editorial Biblos.

**10.-** A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases. Os organizadores do concurso resérvanse o dereito de interpretalas ante calquera dúbida que puidese xurdir.